



EDITORIAL GALAXIA

NOVIDADES



PACO MARTÍN

A bisneta lercha

Colección LITERARIA

EDITORIAL GALAXIA 2006, 128 páxinas

P. V. P. 11€ IVE incluído

ISBN 84-8288-908-7



O PRACER DE CONTAR

Paco Martín publica un novo libro no que quere recuperar o pracer de contar. En **A bisneta lercha** reelabora tres relatos fundamentais da tradición literaria europea, volve ao conto popular devolvéndolle o seu sabor primixenio. Narracións que antes eran para todos os públicos e que logo foron adaptadas para os nenos, volven agora da man de Paco Martín, que as recrea prescindindo do politicamente correcto e lles insufla o alento de hoxe.

Os contos da tradición popular, que logo serían adaptados para o público infantil, volven agora aos lectores e lectoras de hoxe para recuperar con eles a curiosidade e a ledicia das primeiras lecturas. Paco Martín, que foi Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil no ano 1986 co inesquecible *Das cousas de Ramón Lamote*, pon en xogo toda a súa **sabedoría narradora** para reelaborar dende a Galicia de hoxe, e para quen guste da literatura sen filtros, contos coma “A Carrapuchiña Vermella”, “O parrulo feo” e “O gato con botas”. Contos para todo tipo de lectores que o escritor galego actualiza e nos devolve con azos novos, sen perderen a forza e a maxia literaria que os fixo permanecer na lembranza de milleiros e milleiros de lectores e lectoras.

Un libro no que xorde o gusto polo relato e a herdanza da imaxinación. Contos que se transforman e retornan cunha nova voz e faciana fresca. En *A bisneta lercha*, Paco Martín, un dos nosos grandes contadores de historias, propón un **xogo narrativo** cos contos de sempre, que renacen hoxe, mantendo a lembranza do que foron e adiantando a ilusión do que, no futuro, han ser.

PACO MARTÍN (Lugo, 1940) foi mestre de escola dende 1961 ata o ano 2000. Autor dunha obra literaria moi atenta á tradición e á cultura popular galega, entre os seus libros cómpre salientar *Muxicas no espello* (1971), *No cadeixo* (1976), *¿Que cousa é cousa?* (1985), *Lembranza nova de vellos mesteres* (1988, 3ª ed. 2000), *Dende a muralla* (1990) e *Historias para ler á noite* (1992, 7ª ed. 2002). Escritor tamén dedicado á literatura para rapaces, co seu libro *Das cousas de Ramón Lamote* obtivo o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil en 1986; posúe os premios Varco de Vapor (1984) e Losada Diéguez (1985), amais de figurar na Lista de Honra do IBBY en 1986, nos White Ravens en 1988 e na Internationale Jugendbibliothek no 1990. Colaborador na prensa, é Premio Puro Cora de Xornalismo 1994.

EDITORIAL GALAXIA, S. A.

Departamento de Comunicación

Reconquista, 1. 36201Vigo. Telf.: 986 432 100 / Fax: 986 223 205 galaxia@editorialgalaxia.es